



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E A ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

Esta Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos contribuír á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia.

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación é unha entidade adscrita á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en virtude do Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia, que ten uns cometidos específicos no campo do estudo e da investigación en materia xurídica.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2022.

O convenio ten por obxecto fixar un marco de actuación que defina os compromisos de financiamento que asume a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo na contribución aos gastos correntes derivados das actividades que realiza a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e que a citada institución poida continuar desenvolvendo os seus traballos.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación ten por cometido principal o fomento da cultura e investigación, está especialmente dedicada ao estudo do Dereito e, particularmente, do dereito galego, participando activamente na organización de xornadas xurídicas, seminarios e congresos con tal fin.





A singularidade e especificidade das actividades levadas a cabo, así como a natureza específica da entidade destinataria da subvención xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración, segundo o artigo 26.2 a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo achegará á Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación a cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000 €), para financiar os gastos correntes da institución, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 (CP 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

